



BOLSAS DE FORMACIÓN DE PERSOAL EXPERTO EN COOPERACIÓN INTERNACIONAL PARA O DESENVOLVEMENTO

Orde do 26 de xuño de 2014 (DOG 1/07/2014)

AVALIACIÓN PROVISIONAL DOS MÉRITOS

En cumprimento do disposto na base quinta, apartados terceiro e cuarto da Orde do 26 de xuño de 2014 da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, pola que se aproban as bases reguladoras para a convocatoria das bolsas de formación de persoal experto en cooperación internacional para o desenvolvemento, unha vez finalizado o proceso de avaliación dos méritos dos/as solicitantes, a comisión de avaliación fai pública como anexo a esta resolución, no taboleiro de anuncios da Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE da Xunta de Galicia e na páxina web <http://www.cooperaciongalega.org/> a lista de candidatos/as por orde alfabética e de puntuación, abríndose un prazo de 3 días hábiles contados a partir do día seguinte da data de publicación desta lista, para a realización de reclamacións e consultas sobre ela.

As reclamacións ou consultas remitiranse necesariamente por correo electrónico ao secretario da comisión avaliadora, ao seguinte enderezo: guillermo.otero.pineiro-maseda@xunta.es

A data límite para o envío das reclamacións sobre a lista provisional é o día 4 de setembro.

De acordo co disposto no apartado quinto da dita base quinta da Orde de Convocatoria, a comisión de avaliación fixará a puntuación mínima para acceder á fase de entrevista no momento da publicación da lista definitiva de valoración dos méritos.

As datas e as horas das entrevistas serán fixadas, unha vez resoltas as reclamacións presentadas, no momento da publicación da lista definitiva de valoración dos méritos dos/as aspirantes.

Infórmase de que tense previsto a realización das entrevistas na semana do 15 ao 19 de setembro.

Santiago de Compostela, a 1 de setembro de 2014

A presidenta da Comisión de Avaliación

Pilar Romero Rodríguez

